Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia

Verbas claras

Boletín informativo nº 23 (25/04/2025) de SNEP de Galicia
604030807/604913897 snepdegalicia@gmail.com

PERMISO TÉCNICAS PREPARACIÓN AO PARTO E EXAMES PRENATAIS.

No artigo 37 apartado 3, letra f do Estatuto dos Traballadores, recóllese como **permiso retribuído**: "Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, sempre, en todos os casos, que deban ter lugar dentro da xornada de traballo."

Nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento non existe problema; as dúas persoas poden gozar dese permiso retribuído

O problema está en dilucidar se as parellas das mulleres xestantes teñen ou non ese permiso. En principio a xurisprudencia ditaba que, en ningún caso a parella da muller xestante tiña ese dereito.

A Sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) confirmou, por primeira vez, o dereito das persoas traballadoras non xestantes para gozar de permisos retribuídos para asistir **a técnicas de preparación ao parto**. Desta forma, o alto tribunal galego avalou unha sentenza emitida polo Xulgado do Social número 4 de Vigo.

Sen embargo, entende que **o permiso retribuído para exames prenatais está reservado exclusivamente ás mulleres embarazadas**, pois a súa creación está intimamente unida á directiva 92/85/CEE, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada.

Pódese ler a sentenza completa do TSJ de Galicia de 7 de noviembre de 2023.

Veremos o que, no seu momento, decide o tribunal Supremo; en principio, as persoas parellas de mulleres xestantes **si que teñen dereito a asistir ás técnicas de preparación ao parto como permiso retribuído.**

Sen prexuízo do recoñecemento que fagan os tribunais, non haberá dúbida de que existe este dereito se se acorda expresamente coa empresa ou o permite o convenio colectivo, xa que cada vez son máis os que inclúen dentro das súas licenzas retribuídas o de "Acompañamento de preparación ao parto".

En convenios de educación aínda non estamos nesa onda, por suposto, xusto quen traballa con nenas e menos. En fin…

POLO EMPREGO:

TRABALLO E DIGNIDADE